

IV. O INDIVIDUO EN SOCIEDADE

HOSPES QUOD DEICO PAVLLVM EST; ASTA AC PELLEGE
HEIC EST SEPVLCRVM HAV PVLCRVM PVLCRAI FEMINAE
NOMEN PARENTES NOMINARVNT CLAVDIAM.
SVOM MAREITVM CORDE DEILEXIT SOVO:
GNATOS DUOS CREAVIT: HORVNC ALTERVM
IN TERRA LINQVIT, ALIVM SUB TERRA LOCAT.
SERMONE LEPIDO, TVM AVTEM INCESSV COMMODO,
DOMVM SERVAVIT, LANAM FECIT. DIXI. ABEI

Carmina Latina Epigraphica, 1.2 .1211

Forasteiro, pouco é o que quero dicirche; detente e le con atención: Aquí está o sepulcro non fermoso dunha fermosa muller. Seus pais déronlle o nome de Claudia. Amou o seu marido con todo o seu corazón. Criou dous fillos. A un déixao sobre a terra; ao outro o colocou xa baixo terra. De conversación graciosa e de paso elegante. Gardou a súa casa. Fixo a súa la. Dixen. Vaite.



❑ A ORGANIZACIÓN SOCIAL

A sociedade clásica estaba baseada na desigualdade, ou sexa, uns poucos eran libre e posuían dereitos e outros non, pois eran escravos. Con todo as diferenzas no xeito de vivir non eran moi acusadas, pois todos, exceptos uns poucos moi ricos e excéntricos, levaban unha vida sinxela e parecida.

Os homes libres (as mulleres non se consideraban cidadáns de pleno dereito) vivían do seu traballo e disfrutaban de dereitos como participar no goberno da cidade, votar, ser elixido, asistir a asembleas e formar parte de tribunais de xustiza. Dentro deles existían clases sociais em función da súa riqueza: na Atenas clásica (s. V-IV a.C.) había catro clases, en Roma os **patricios** ocupaban a cima da pirámide social e acaparaban o goberno e os privilexios. O resto da poboación constituíana os **plebeos**, que de non ter ningún dereito, despois de longas loitas sociais, conseguiron equipararse cos patricios.

A existencia de **escravos** era vista como um fenómeno natural e non despertaba opinións em contra. Eran, xeralmente, prisioneiros de guerra procedentes das rexións limítrofes do mundo grecorromano. En Grecia axudaban nas tarefas domésticas e nos traballos agrícolas, existían porén, escravos públicos que desempeñaban labores de policía ou traballaban en condicións durísimas nas minas. En Roma, pola contra, ademais de tarefas domésticas, traballaban nos grandes latifundios do sur de Italia ou da Bética (Hispania). Houbo, incluso, revoltas importantes, como a de Espartaco, que foron cruelmente reprimidas.

Os homes libres mantiñan non mundo romano relacións de dependencia cos máis poderosos, coñecidas como **clientela**. Os clientes tiñan unha serie de obrigacións con respecto aos seus **patróns**, que ían dende a asistencia armada em caso de conflito, á votación no seu favor nas eleccións. O patrono, pola súa banda, proporcionáballes protección xurídica e axuda económica.

Nas cidades gregas vivían xentes procedentes doutras rexións gregas, aos que se lle chamaba **metecos**. Eran libres, mais non tiñan os mesmos dereitos que os cidadáns. Adicábanse ao comercio e a artesanía, mais non á agricultura pois non podían posuír terras.

Com respecto ás obrigas fiscais, o caso de Atenas era significativo: só os ricos pagaban impostos. Estes consistían en manter durante un ano um ximnasio, unha nave de guerra ou pagar unha representación teatral.

▣ FAMILIA E SOCIEDADE

A familia, composta normalmente polo pai e a nai e, os fillos, incluía tanto en Grecia (οἶκος) como en Roma (*domus*) as propiedades, terras, casas, tumbas, ferramentas de traballo, animais e escravos. Ao mando de todo estaba o pai (*pater familias* en Roma), con poder soberano sobre todos os compoñentes. Este poder denominábase *patria potestas* e outorgaba ao pai poderes relixiosos, xurídicos e económicos.

Para conservar o patrimonio, que xeralmente eran as terras herdadas de xeración en xeración, os matrimonios facíanse entre un estreito grupo de parentes e eran decididos polos pais. A diferenza de idade era moitas veces considerable. Para limitar o tamaño da familia era habitual practicar o infanticidio ou o abandono de nenos, que logo eran recollidos por tratantes de seres humanos e criados para seren escravos.

A educación tiña como obxectivo acadar unha posición dentro da vida pública e comezaba na escola, onde se aprendía poesía e música; máis tarde, en Grecia, os adolescentes pasaban ao **ximnasio** onde, xunto con unha educación cívica elemental, exercitábanse para seren bos soldados. Xa adultos integrábanse dentro das diferentes institucións cívicas e sociais como cidadáns, participando nos órganos de goberno do Estado.

En Roma existía unha carreira política ou **cursus honorum**, que consistía no desempeño progresivo dos diferentes cargos públicos ou maxistraturas.

O centro da vida social e política era a praza (**ágora** en Grecia, **foro** en Roma), onde acontecía todo o importante para a cidade (assembleas, feiras, xuízos, etc.), ben na propia praza, ben nos edificios adxacentes.

▣ AS MULLERES

As mulleres desempeñaban un papel particular nas sociedades antigas: estaban afastadas da guerra e doutras actividades que requerían o uso da forza como os xogos atléticos. Por iso, a súa función básica era a de esposas, nais e administradoras dos bens familiares. Fiar, tecer, coidar aos anciáns e aos nenos formaba parte das súas tarefas cotiás.

Existiron, porén, gran variedade de situacións: as mulleres atenienses vivían dentro da casa, as espartanas practicaban deporte e chegaban a competir en xogos atléticos coma os homes. Tamén era distintas as posibilidades: unha muller de familia

rica tiña máis tempo para o ocio mentres que as máis humildes debían traballar no campo. O epitafio de Claudia resume ben o que se esperaba dunha muller romana.

Eran educadas -lectura, escritura, matemáticas e música- en casa polo pai ou escravos mestres. Tamén aquí a posición social era determinante: as mulleres das clases superiores estudaban filosofía, literatura e outras artes. E non faltan mulleres en moitos eidos da cultura: poesía (Safo de Lesbos), filosofía (Hipatia de Alexandría), etc.

❑ CONFLITOS PERSOAIS

O mesmo ca hoxe, eran habituais os conflitos, enfrontamentos e disputas entre os individuos que compoñían esas sociedades. Houbo diferenzas entre pais e fillos, casos de divorcio e litixios habituais que tiñan que se dirimir diante dos tribunais.

A literatura clásica trae ata nós moitos conflitos de persoas reias como a través de personaxes míticos. Un dos máis famosos é a traxedia de Antígona, obra do dramaturgo grego Sófocles: Antígona, unha das filla do rei Edipo de Tebas, está no medio dun terrible dilema. Seus irmáns, Eteocles e Polinices matáranse mutuamente loitando pola cidade de Tebas. As leis prohibían dar sepultura a Polinices por ter atacado a cidade, mentres que a Eteocles lle foran concedidas as honras fúnebres porque a defendera. Antígona debe escoller entre obedecer esta lei humana ou seguir a lei familiar non escrita que obriga a non deixar sen enterrar un morto. Obviamente Antígona decántase pola segunda opción e é castigada coa morte.

Nun plano máis prosaico, coñecemos unha morea de conflitos dentro d sociedade grega grazas a que conservamos moitos discursos dos oradores. Estes eran preparados para ser lidos diante do tribunal polos propios litigantes, pois non existían as figuras de avogados e fiscais.

En Roma, a práctica xurídica era unha actividade moi importante da vida diaria, ata o punto de constituír un sistema legal ordenado e universal, base dos códigos de leis modernos. Por orde do emperador Xustiniano, no século VI fíxose unha recompilación de todas esas leis, o *Dixesto*.

